

## Convocatoria Asemblea Xeral Ordinaria FAPACEL

---

Convocamos a todas as ANPAS asociadas a FAPACEL, o próximo día 14 de abril de 2018, ás 16.00 horas en primeira convocatoria e ás 16:30 horas en segunda, coa seguinte

ORDE DO DÍA:

- 1.- Presentación.
- 2.- Aprobación da Memoria Anual.
- 3.- Lectura do Balance de Contas do exercicio correspondente ao ano 2017 e aprobación, se procede do mesmo, e presentación do Orzamento Económico para 2018.
- 4.- Cota socio e dos seguros
- 5.- Presentación de propostas de actividades por parte das ANPAS.
- 6.- Proxectos da federación FAPACEL e da Confederación ANPAS GALEGAS
- 7.- Xestión comedores escolares.
- 8.- Diversidade e necesidades educativas especiais.
- 9.- Debate sobre o ensino público
- 10.- Roldas de intervención

A reunión terá lugar en Piornedo (Cervantes).

*(Para poder ter dereito a voz e voto é necesario atoparse ao corrente do pago da cota de socio do curso 2017/2018. **O número máximo de votos será de 2 persoas por ANPA.**)*

**Poderán asistir as familias das anpas asociadas que o desexen, xa que haberá actividades para a rapazada.**

Ás 10:30 horas faremos unha ruta etnográfica acompañados de guías. Comezará diante da escola de Piornedo. Prégase calzado adecuado de montaña.

Ás 14h. será o xantar na Cantina Mustallar (prezo 12 euros por persoa). A rapazada deberá levar bocadillo, xa que farán actividades ao aire libre.

Prezo: 5 euros persoa (inclúe ruta, visita palloza- museo e actividades lúdicas para a rapazada).

Deseguido (16:30 horas aproximadamente) faremos a asemblea

Para unha boa organización da xornada solicitamos **CONFIRMAR ASISTENCIA antes do 1 de abril de 2018.**

A asistencia poderase confirmar no correo electrónico: [fapacel@hotmail.com](mailto:fapacel@hotmail.com) ou no teléfono: 609 983 876 (Ascen)



En Lugo a 19 de marzo de 2018